



Concello de Vilarmador

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Expediente: 2024/C003/000001

Contrato de obra: **Aglomerado vial Soutocalvo-Pena da Eirexa**

Procedemento: aberto simplificado

Plan: **Plan de Obras e Servizos POS+Adicional 2/2023** expediente 2023000036421

Código da obra: 2023.2102.0550.0

Importe: **101.595,84 €** valor estimado: 83.963,50 €

Prazo de execución: 3 meses

De acordo cos arts. 28 e 116 da Lei 9/2017, de 08 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), as entidades do sector público poderán celebrar contratos que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. As necesidades que pretendan cubrirse co contrato así como a idoneidade do seu obxecto e contido deben ser determinadas con precisión.

As obras forman parte das actuacións que a propia Corporación pretende realizar para mellorar o pavimento en Soutocalvo-Pena da Eirexa.

O concello ten competencias en materia de infraestrutura viaria e pavimentación de vías públicas, art 25.2.d) e 26..1.a) da Lei 7/1985.

As actuacións contan co financiamento da Deputación Provincial da Coruña, a través do **Plan de Obras e Servizos POS+Adicional 2/2023**, para o que se concedeu unha subvención de 101.511,47 €, correspondendo ao concello a contratación das obras.

O proxecto, redactado polo arquitecto técnico municipal Victorino Corral Rodríguez, foi aprobado por acordo do pleno do día 26 de setembro de 2023.

De acordo co artigo 159.1 da LCSP, nos contratos de obras de valor estimado inferior a 2.000.000 euros, o órgano de contratación poderá acordar a utilización do procedemento aberto simplificado.

Conforme á disposición adicional segunda da LCSP, corresponde ao alcalde contratar obras sempre que a súa contía non exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento (116.934,50 €).



Concello de Vilarmador

De acordo co artigo 99.3 da LCSP, considérase xustificada a non división en lotes do contrato polos seguintes motivos e consideracións relativas ás súas circunstancias e ás consecuencias que suporía para o concello:

- A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría una maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.
- Aínda que no proxecto inclúen distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adxudicadas por lotes, moitas veces existen partidas comúns a todas elas, como son as relativas a seguridade e saúde, a control de calidade, a xestión de residuos, e outros conceptos cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.
- Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.
- A división en lotes suporía un retraso na adxudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación.

Vilarmador, data da sinatura electrónica

O alcalde,

Carlos Vázquez Quintián